

A LUZ DE BEGONTE

As néboas repousan no Ladra
e sorben gotiñas de orballlo.

Ahí nesa noite senlleira
ollan burbullas de cores.

Van bailando a muiñeira
o bambeo dos meus faroles.

Dando voltas e mais voltas
vai brillando o amencer,
aluméa os camiños chairegos
mais eu non acado a saber...

E o Belén de Begonte
ou Begonte do Belén?

Acéndese a Luz Divina!
Brilla o sendeiro mundano.

Relámpagos no firmamento

coa ledicia da Boa Nova.

Aqueles xemidos eternos

xa retumban nas montañas,

maxestuosas, escarpadas

que arroupan o misterio.

Lembrándonos unha promesa

no confín un arco iris.

Semella un Arco de Triunfo,

o que un día traspasaremos,

logo de peneirar

naquel cribo os nosos erros.

Esa Luz que nos transforma

e unha Forza sobrehumana.

E o Belén? E o Nadal?

E a Claridade Divina!

A estreliña no horizonte

a linterna que nos guía.

A Fonte Sagrada deléitanos.

O río Celestial, purga as nosas faltas .

Aquel Pan Divino e o sustento.

E percibo moi abraiada...

a árbore que se abanea

onde a súa firme raíz

e a matula que a suxeita.

Un símbolo da nosa alma.

Coa Grandiosa Luz Sagrada

manterase sempre acesa.